

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

D^a M^a Paz Lago Martínez

D. Salvador Durán Bermúdez

D^a M^a Isabel González Domínguez

D. Marcos Guisasola Padín

D^a María Deza Martínez

D. Constantino Sanmartín Quiñones

D^a Almudena Aguíñ Fernández

D. Gonzalo Gonzalo Pita

D^a M^a Victoria González Serén

D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo

D. José Buezas Méndez

D^a Vanesa Rodríguez Maneiro

D. David Otero Domínguez

D^a Sandra Fernández Agraso

D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN :

D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro

D. José-Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e un de decembro de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO CONVENIO REMITIDO MEDIANTE ESCRITO DO 22 DE NOVEMBRO DE 2012 ENTRE OS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, POIO, MARÍN, VILABOA E SANXENXO E A SOCIEDADE ESTATAL “AGUAS DE LA CUENCA DEL NORTE S.A.”(acuaNorte) : O Sr. Secretario dá conta do ditame da Comisión de Asuntos Xerais do 18 de Decembro do 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, aludiu a que se trataba dun proceso iniciado facía dous anos e que tivo varios borradores con diversas contías, debido a presenza de mais entes locais e, sobre todo, ao incremento da aportación do FEDER, coa conseguinte diminución da parte correspondente aos concellos.O interviniente considerou importante este servizo e, a vista dos informes favorables, apoiarán a proposta, solicitando da Alcaldía que informe aos voceiros dos grupos políticos municipais das modificacións e incidencias que xurdan no desenvolvemento deste convenio.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que esta infraestrutura era necesaria e que a achega municipal era inferior a anteriores convenios, anunciando o seu voto favorable e pedindo que se explicara convenientemente aos veciños estes investimentos, informándolles o mellor posible das expropiacións que traerá a execución das obras.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que era a cuarta vez que se falaba deste convenio, que agora viña con reducións das aportacións e do investimento global, quedando unha financiación municipal respectable, aínda que razoable. O interviniente destacou que a esta infraestrutura xa se facía referencia nun documento como o Plan Director de Abastecemento e Saneamento, no que se indicaban unha serie de obras que se solapan coas deste convenio, botando de menos un informe dos custos que tiña que asumir o concello, tendo en conta que o desenvolvemento dos solos urbanizables estaba condicionado á financiación polos promotores destas obras, polo que debía ser a iniciativa privada á que cubrira as achegas do Concello de Sanxenxo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que votaría a favor deste punto da orde do día ao tratarse dunha obra imprescindible para este concello.

A **Sra. Alcaldesa** agradeceu a exposición do **Sr. Gonzalo Pita** e incidiu na importante rebaixa da aportación municipal, moito menor que a existente no convenio xa asinado, o que se produciu logo do incremento da achega do FEDER, gracias as xestións do Goberno Central actual. En canto ao dito polo **Sr. Otero Domínguez**, precisou que este mesturou cousas que non tiñan nada que ver, posto que xa nalgún plan de desenvolvemento de solo se aportou financiación para a execución da infraestrutura correspondente.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, por **unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar o convenio entre os **Concellos de Pontevedra, Poio, Marín, Vilaboa e Sanxenxo** coa sociedade estatal **“AGUAS DE LA CUENCA DEL NORTE, S.A. (acuaNorte)** para a construción e explotación da actuación **“Novo abastecemento de auga a Pontevedra e a súa ría”** conforme ao modelo remitido por escrito de **acuaNorte** o 22 de novembro de 2012.

SEGUNDO: Conforme ao sinalado no informe de intervención, aprobar o compromiso de consignar nos presupostos do **Concello de Sanxenxo** para os anos 2013 e 2014 as seguintes cantidades, correspondentes á inversión por anualidade para a execución da obra, trasladando a aportación do ano 2012 ao ano 2013:

Ano 2013: 220.013,55 €

Ano 2014: 446.694,19 €

As consignacións das aportacións citadas se realizan no marco dun estrito respecto a lexislación e normativa presupostaria, de facendas locais e de estabilidade e sostibilidade financeira e tendo en conta a preferencia dos gastos xa comprometidos.

TERCEIRO: Aprobar a previsión do compoñente fixo da tarifa que no seu día terá que abonar o **Concello de Sanxenxo**, que figura no Anexo IV do convenio conforme ao modelo remitido por escrito de **acuaNorte** o 22 de novembro de 2012 e que ten por obxecto compensar os custos de

investimento financiados con fondos propios de **acuaNorte**, os gastos xerais da sociedade estatal na parte proporcional que lle corresponda desta actuación e o deterioro do valor da infraestrutura hidráulica que se puidese producir durante a súa vida útil.

CUARTO: Cara a fase de explotación da infraestrutura hidráulica e a súa posible incidencia na actual concesión administrativa dos servizos de abastecemento de auga a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, vixente ata o ano 2019, prever a posibilidade dunha modificación deste contrato entre as dúas partes, con referencia aos anos 2014 a 2019, a efectos de compatibilizar o sistema de explotación previsto no convenio e a propia concesión administrativa.

QUINTO: Facultar á **alcaldía-presidencia** para a sinatura de todos os documentos que sexan necesarios para a execución deste acordo”.-----

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR ASISTENCIA E ESTANCIA EN GARDERÍA INFANTÍS” : O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 18 de Decembro de 2012 sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que era a segunda vez que viña a pleno este asunto, xa que antes estaba incompleto ao non conter as bonificacións, polo que agora se rectifica, o que é de sabios. O interviniente tamén dixo que valoraba o incremento das prazas de gardaría, se ben a suba das tarifas non era a idónea neste momento, anunciando a súa abstención neste punto da orde do día.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que estas bonificacións eran necesarias, pero que lle parecía pouco rigurosa a memoria e o estudo de custos por entender que non se contemplaban conceptos como o de mantemento das instalacións, sinalando que ían absterse.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, expuxo que agora se traía a ordenanza ao completo, manifestando que estaba en contra do plantexamento, porque, tal e como adiantou no seu día, a Xunta ía implantar esta modalidade de xestión para as gardarías construídas cos seus fondos, cun considerable incremento das tarifas, engadindo que coa incorporación das bonificacións se ía abster, o que non quere dicir que rectifica a súa posición.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que, cando un quere votar a favor e non se atreve, o que fai é absterse, precisando que el votará a favor, igual que cando veu este asunto por primeira vez, xa que se trata de dar un servizo ao mellor prezo posible e agora este ven mellorado.

A Sra. **Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, destacou que estas bonificacións permitirán a mais familias acceder a este servizo e o esforzo que supón para a administración, engadindo que ademais se xeraban postos de traballo.

O Sr. **Otero Domínguez**, consideraba que a cuestión principal era a prestación do servizo e, en cambio, para o Partido Popular era a súa financiación, sendo o déficit desta ordenanza a anterior revisión das tarifas

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, sinalou que unha vez que se dá o servizo, búscase que sexa ao mellor prezo posible, polo que non dá igual o importe polo que se presta.

A **Sra. Deza Martínez**, indicou que parecía que a algúns lles gustaría que non se abrise nunca a nova gardaría.

A **Sra. Alcaldesa**, manifestou que o fundamental era prestar o servizo e recordou que a parte non financiada polos usuarios, a aportarían o resto dos veciños, o que lles obriga a facer un exercicio de responsabilidade, agradecendo a Consellería a financiación para a construción da gardaría de Vilalonga.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO : Modifica-la **Ordenanza Fiscal da Taxa por Asistencia e Estancia en Gardería Infantís**, que queda redactada como segue :

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/88 citada, acorda a imposición e ordenación da Taxa por asistencia e estancia en fogares e residencias de anciáns, gardería infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga

Artigo 2.º Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos por asistencia e estancia en fogares e residencias de anciáns, gardería infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga

Artigo 3.º Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4.º Responsables.

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou

liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza:

ANEXO:

CONCEPTO		PREZO
Atención educativa	Xornada completa (6-8 horas)	160 €/mes
	Media xornada (4 horas)	80 €/mes
Comedor	Mes	70 €
	Días soltos	4 €/día
Horas extraordinarias		20 €/hora/mes

Artigo 6.º Beneficios Fiscais:

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais, non obstante e en virtude do disposto no artigo 24.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Lei 39/1988, do 28 de decembro), que literalmente di:

Artículo 24. Cuota tributaria: 1. El importe de las tasas previstas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local se fijará de acuerdo con las siguientes reglas:

4. Para la determinación de la cuantía de las tasas podrán tenerse en cuenta criterios genéricos de capacidad económica de los sujetos obligados a satisfacerlas.”

ESTABLÉCENSE OS SEGUINTES BENEFICIOS FISCAIS, RELACIONADOS COA CAPACIDADE ECONÓMICA DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS:

1º.-BONIFICACIÓNS POR NIVEL DE RENDA FAMILIAR: Segundo a renda per capitá mensual da unidade familiar, sobre os prezos sinalados aplicaranse as reducións que se especifican a continuación a excepción dos prezos de comedor por días soltos e das horas extraordinarias que non estarán suxeitos a ningunha redución:

Tramos de renda per capitá da unidade familiar	Atención educativa		Comedor
	Xornada completa	Media xornada	
Inferior ao 30 % do IPREM	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	0,00 €	0,00 €	16,50 €
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	33,00 €	16,50 €	16,50 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	66,00 €	33,00 €	25,00 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	106,00 €	53,00 €	35,00 €
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IMPREM	126,00 €	63,00 €	50,00 €
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	139,00 €	69,50 €	60,00 €
Superiores ao 200 % do IPREM	160,00 €	80,00 €	70,00 €

A renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
- Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
 - Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano anterior a aceptación da praza.

- b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do IRPF. O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

- c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire o punto 4.2.a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

- d) A renda per capitá mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

2º.-BONIFICACIÓNS POR FAMILIA NUMEROSA:

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas: desconto dun 20 %
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: desconto dun 20 %
- Cando asistan a mesma escola varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20%

Artigo 7.º Devengo:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

Artigo 8.º Liquidación:

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar, no momento de presentala solicitude prestación para o primeiro período de liquidación. Nos sucesivos períodos liquidarase ó inicio de cada período de liquidación, en calidade de depósito previo (os períodos de liquidación veñen establecidos nas tarifas desta taxa: día, meses, curso académico etc.)

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentala solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade; en cada un dos períodos de liquidación (días, meses, curso, etc, consonte o disposto na tarifa da taxa).

Se realizase a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa, tan

asiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para liquidación do contraído previo, sen prexuízo de abri-lo p expediente sancionador por infracción tributaria.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese na escola con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 %.

Suspensión temporal da cota

1. Os pais, nais ou representantes legais non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

- O mes de vacacións anual da/o nena/o.
- Cando por calquera motivo a escola permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio. A suspensión do pago polo mes de vacacións farase unha vez que o neno/a teña disfrutado todo o período de vacacións e producirá efectos na mensuralidade posterior ao remate das mesmas.

2. Os pais, nais ou representantes legais non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse nos Rexistros do Concello de Sanxenxo ou do O.A. Terra de Sanxenxo e será aprobada ou desestimada por resolución de Alcaldía previo informe da Dirección do centro.

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o/a concelleiro/a acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación do acordo denegatorio.

3. Salvo o disposto nos dous puntos anteriores, a falta de asistencia do neno/a non supón redución nin suspensión da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

Artigo 9.º Ingreso.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Cando se trata de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería Municipal ou nas entidades financeiras que sinalen na liquidación, antes do día dez de cada mes.

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poda efectuar con anterioridade a prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

Artigo 10º. Infraccións e Sancións:

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración os que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta Ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL. A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada na data....., entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO : De conformidade coa normativa vixente o presente acordo exporase ó público na Taboleiro de Anuncios do Concello por un prazo mínimo de TREINTA días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamación que consideren oportunas.

TERCEIRO : Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO : De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P”.....

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA “MODIFICACIÓN CADRO DE PERSOAL DO O.A. TERRA DE SANXENXO (PISCINA)” : O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 18 de Decembro de 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, sinalou que ante a excedencia dun traballador se buscaron solucións para que o servizo non se vise afectado, considerando positivo este incremento horario cando xa hai persoal coñecedor do funcionamento da piscina e, se se contratase a alguén novo, sempre tería que adaptarse, á parte de que con esta solución o custo é inferior, engadindo que votarán a favor da proposta e que se debería compensar as persoas que xa cubriron a excedencia.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, entendeu que este asunto tiña que traerse a pleno como consecuencia da intervención do concello e froito das políticas do Partido Popular a nivel nacional e en Sanxenxo, engadindo que cando un traballador pide a excedencia hai que substituílo por outro, polo que votará en contra da proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, precisou que antes as contratacións de persoal nunca pasaban polo pleno, sendo isto consecuencia do plan de axuste que condiciona todo.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, aludiu a que non era un traballo de especial dificultade e que había dúas opcións ante unha excedencia, contratar unha persoa nova ou dividir o traballo entre o persoal existente, destacando que con esta medida se melloraban as condicións dos traballadores, non se eliminaba ningún posto de traballo e era de carácter temporal.

O Sr. Durán Bermúdez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, mostrou a súa estrañeza pola referencia ao plan de axuste, cando se trataba dunha modificación de postos de traballo.

A **Sra. Aguíñ Pombo**, aludiu ás veces que trouxeron ao pleno cuestións de contratación de persoal, manifestando que esta ven agora porque están obrigados a facelo.

O **Sr. Otero Domínguez**, dixo que existía un acordo na Mesa de Negociación e que ían absterse, aínda que a súa postura é un posto de traballo para cada persoa.

A **Sra. Alcaldesa** precisou que se actuou de acordo ao informe de Intervención, que non supón un aumento de custo e que non ten nada que ver co plan de axuste, podendo ter esperado á aprobación do presuposto para resolvelo, pero ao non haber data concreta para o anterior acordo, decidiuse traelo agora. Por último aludiu a que a contratación de persoal non tiña que vir ao pleno e a que os traballadores tamén teñen dereito a mellorar a súa situación contractual.

Ao non producirse máis intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e a Sra. Rodríguez Maneiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos en contra: 2 (Sra. Aguíñ Pombo e Sr. Buezas Méndez do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO : Aprobar a **Modificación da Plantilla do persoal do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo** nos seguintes termos:

DESDE A DIRECCIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO, UNHA VEZ REUNIDO E EXPOSTO O TEMA DA SUBSTITUCIÓN DE TOMÁS MONTOYA ABOAL ANTE O PERSOAL DA PISCINA, E DESPOIS DE ANALIZAR AS QUENDAS E AS NECESIDADES DA INSTALACIÓN DEPORTIVA, CONCLUÍMOS O SEGUINTE:

- O PERSOAL CONTRATADO A MEDIA XORNADA ESTÁ DISPOSTO A AUMENTAR AS HORAS DE TRABALLO, POLO QUE DEBIDO Á COMPLEXIDADE DOS TURNOS NECESARIOS PARA CUBRIR TODA A OFERTA DE ACTIVIDADES, A MELLOR SOLUCIÓN QUE NOS PERMITE COMPATIBILIZAR A PROMOCIÓN INTERNA DE TRABALLADORES QUE LEVAN ANOS DESEMPEÑANDO O SEU POSTO CON UN ALTO GRADO DE EFICACIA E AS NECESIDADES ESTRUTURAS DA PISCINA SERÍA :

- **MARTA PITA GARCÍA AUMENTO DE 8 HORAS.**
- **MARGARITA VIDAL TABOADA AUMENTO DE 8 HORAS**
- **CARLOS NÁZARA BLANCO AUMENTO DE 8 HORAS.**
- **MIGUEL NORAT REYES AUMENTO DE 8 HORAS.**
- **SANTIAGO VILAS DURÁN AUMENTO DE 8 HORAS. “”””-----**

A vista do exposto obsérvase que dito aumento de horas e posible a todo o persoal que indican xa que aumentaríanse as horas de acordo o posto que desempeñan por o que o proceso selectivo realizado para a praza que actualmente ocupan e válido. En canto a tramitación correspondente suporía unha variación da xornada, a cal e competencia do Pleno, por o que debería convocar a Xunta de Persoal previamente para dar conta das variacións na Relación de

Postos de Traballo. Unha vez aprobada dita modificación procederíase á variación na seguridade social TGSS a cal suporá variar a cotización para que se adapte a xornada que pasarán a realizar, supoñendo isto que pasarán a realizar unha xornada (en cómputo semanal) de 28 horas a cal lle correspondería un coeficiente de 0,700 (pasan a realizar o que suporía un 70% da xornada habitual). Os soldos en termos mensuais unha vez que se aumente a hora serán:

Modificación a 8 horas 2012 con motivo baixa Tomás Montoya

En canto o custo que suporá este aumento ao Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo: Non suporá en ningún caso un aumento de custo (incluso aforrarse) na partida, e existe financiación suficiente para asumir dito custo.

Deberá facerse unha proposta da presidencia na que faga constar o aumento de horas por cada un dos traballadores, e na que quede motivado dito aumento o cal e debido a excedencia do traballador Tomas Montoya, non supoñendo ningún tipo de "dereito adquirido" para os traballadores dito aumento, sendo este aumento de urxente necesidade para cubrir o servizo e as necesidades que actualmente se precisa, podendo volver a xornada de 20 horas / semana cando así o precise a dirección.

Procedemento para a aprobación do aquí exposto e lexislación de aplicación.

A vixente Lei 2/2012 de Presupostos Xenerais do Estado e o borrador da mesma de 2013 regúlanos que as limitacións retributivas as que fai referencia (art.22) o son sen prexuízo das adecuacións singulares e excepcionais que resulten imprescindibles por o contido dos postos de traballo, por a variación de efectivos ou por o grado de consecución de obxectivos.

De acordo co establecido na Lei 7/2007 do estatuto básico do empregado público no seu artigo 37, para levar a cabo ditas modificacións (por ser esta materia obxecto de negociación) deberá convocarse a mesa xeneral de negociación e tras a súa celebración, ditas modificacións deberán ser aprobadas por o Pleno (Art.123.1.h. de la LBRL 7/1985).

II.-PROPOÑER QUE O PLENO DA CORPORACIÓN APROBE ESA MODIFICACIÓN NOS SEGUINTE TERMOS:

1º.-Deberá ser a Corporación en Pleno, a que asuma a excepcionalidade desta medida e integre no suposto referido no informe a aplicabilidade dos conceptos xurídicos indeterminados que se teñen enunciado.

2º.-Deberá ser a Corporación en Pleno, a que asuma a xustificación desta excepcionalidade na modificación da plantilla de persoal do Concello e o réxime retributivo.

3º.-Esta modificación deberá tramitarse nos mesmos termos que os previstos para a aprobación definitiva do presuposto municipal, e caso prosperar deberá ser incluída na plantilla que se incorpore ao presuposto de 2.013, a salvo cambio de criterio.

4º.-Esta modificación quedará suxeita e condicionada na súa eficacia xurídica, e dado o tempo no que nos atopamos, a que a Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2.013, confirme os termos do actual artigo 22.7 da Lei 2/2012.

5º.-Esta modificación non poderá ter efectos retroactivos, por imposibilidade legal, e ademais por ausencia de crédito presupostario no actual presuposto, debendo pois afectar a anualidade de 2.013, onde se deberán arbitrar os créditos precisos. Caso contrario o acordo sería nulo de pleno dereito. Afectará dende o momento en que sexa aprobada definitivamente, e polo tanto xa nos atoparemos no exercicio de 2.013.

6º.-Esta modificación, a xuízo desta Intervención, non vulnera o actual Plan de Axuste, pero esa apreciación corresponde en último termo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

7º.-En todo caso esta modificación e a súa operatividade, queda suxeita a xurisdiccionalidade, como é preceptivo polo réxime de recursos aplicables; sen poder garantir cal poderá ser a apreciación deste asunto, no seu caso, en sede xudicial.

TRATASE DUNHA APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL CON EFECTOS DO EXERCICIO DE 2.013, QUE NON AFECTA POIS AO EXERCICIO DE 2.012, E QUE SE DEBERÁ SUBSUMIR NA APROBACIÓN DA PLANTILLA QUE SE LEVE A CABO CON OCASIÓN DO PRESUPOSTO DE 2013. Terá pois efecto a partir do 1 de xaneiro de 2.013, non antes.

Neste caso singular a modificación será operativa en tanto non se reintegre o titular do posto en situación de excedencia voluntaria.

SEGUNDO : Asumir a excepcionalidade desta medida, integrando no suposto referido no informe a aplicabilidade dos conceptos xurídicos indeterminados que se teñen enunciado.

TERCEIRO : Asumir a xustificación desta excepcionalidade na modificación da plantilla de persoal e o réxime retributivo.

CUARTO : Tramitar esta modificación nos mesmos termos que os previstos para a aprobación definitiva do presuposto municipal e, en caso de prosperar, deberá ser incluída na plantilla que se incorpore ao presuposto de 2.013, a salvo de cambio de criterio.

QUINTO : Suxeitar e condicionar esta modificación na súa eficacia xurídica e, dado o tempo no que nos atopamos, a que a Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2.013, confirme os termos do actual artigo 22.7 da Lei 2/2012.

SEXTO : Esta modificación non terá efectos retroactivos, por imposibilidade legal e ademais por ausencia de crédito presupostario no actual presuposto, debendo pois afectar a anualidade de 2.013, onde se deberán arbitrar os créditos precisos. Caso contrario o acordo sería nulo de pleno dereito. Esta modificación afectará dende o momento en que sexa aprobada definitivamente e, polo tanto, no exercicio de 2.013.

SÉTIMO : Esta modificación, a xuízo de Intervención, non vulnera o actual Plan de Axuste, pero esa apreciación corresponde en último termo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

OITAVO : En todo caso esta modificación e a súa operatividade, queda suxeita a xurisdicionalidade, como é preceptivo polo réxime de recursos aplicables; sen poder garantir cal poderá ser a apreciación deste asunto, no seu caso, en sede xudicial.

TRATASE DUNHA APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL CON EFECTOS DO EXERCICIO DE 2.013, QUE NON AFECTA POIS AO EXERCICIO DE 2.012, E QUE SE DEBERÁ SUBSUMIR NA APROBACIÓN DA PLANTILLA QUE SE LEVE A CABO CON OCASIÓN DO PRESUPOSTO DE 2013. Terá pois efecto a partir do 1 de xaneiro de 2.013, non antes.

NESTE CASO SINGULAR A MODIFICACIÓN SERÁ OPERATIVA EN TANTO NON SE REINTEGRE O TITULAR DO POSTO EN SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA”---

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NON DISPOÑIBILIDADE DOS CRÉDITOS AFECTOS AO PAGAMENTO DA PAGA EXTRAORDINARIA DO NADAL NOS TERMOS INFORMADOS E NOS DESCRITOS NO ART. 33 DO REAL DECRETO 500/1990, DE 20 DE ABRIL : O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 18 de Decembro de 2012 sobre esta proposta.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, sinalou que se trataba dunha proposta de obrigado cumprimento, non estando de acordo co propio Real Decreto, aínda que esa era outra cuestión, anunciando a súa abstención.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo que esta

proposta era consecuencia dunha mala medida do Partido Popular, que supoñía outro incumprimento deste partido, como era a rebaixa das retribucións dos funcionarios mediante a supresión da paga extraordinaria de nadal, co conseguinte retroceso do consumo, polo que sendo isto o mais doado, tamén é un erro, sinalando que votarán en contra da proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aludiu a que, por un lado, existe un Real Decreto que elimina a paga extraordinaria de decembro sen que ningún concello do Partido Popular diga nada e, por outro lado, está a Subdelegación do Goberno que se dirixe aos concellos, apremándoos, para que tomen este acordo e logo o comuniquen, o que considera intolerable, non admitindo este tipo de reclamacións que atentan contra o respecto institucional.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que era un acordo de obrigado cumprimento e que non podía ser que determinados concellos e comunidades autónomas decidan se o cumpren ou non, engadindo que había que facer un exercicio de responsabilidade.

O Sr. Otero Domínguez, considerou que non son formas de gobernar o facelo a golpe de Real Decreto, precisando que hai uns estatutos de autonomía e unha autonomía local que respetar, precisando que en democracia non son aceptables reclamacións como esta da Subdelegación do Goberno.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que era verdade o da autonomía municipal, pero esta tamén depende doutras, se ben entendeu que non había motivo para dar o prazo de cinco días, engadindo que non é tan malo o que pide como o que acontece cos traballadores en xeral, públicos ou privados e que non é culpa destes.

A Sra. Alcaldesa, explicou que este punto se aprobou onte en Pontevedra, precisando que nese concello o Alcalde decidiu realizar un pagamento en concepto de horas extraordinarias que foi unha burla para o resto dos traballadores, engadindo que había que ser responsables, non tendo mais remedio que gobernar así, posto que o problema non é o que se quere facer senón o que se pode facer.

Ao non producirse máis intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO : Adoptar o acordo de non dispoñibilidade dos créditos afectos ao pagamento da Paga Extraordinaria do Nadal, nos termos informados pola Intervención Municipal que se transcriben a continuación e nos descritos no Art. 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril :

“En relación a adopción da medida de supresión da paga extraordinaria do Nadal, a que se refire o artigo 2º do Real Decreto Lei 20/2012, de medidas para garantir a Estabilidade Presupostaría, e de Fomento da Competividade, emanouse unha nota informativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de data do 23 de outubro de 2.012 (da que esta Intervención ten tido coñecemento fai pouco tempo) que refire a necesidade de adoptar o correspondente acordo de non dispoñibilidade, nos termos do artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que di:

Artículo 33: “1. La no disponibilidad de crédito se deriva del acto mediante el cual se inmoviliza la totalidad o parte del saldo de crédito de una partida presupuestaria, declarándolo como no susceptible de utilización.

2. La declaración de no disponibilidad no supondrá la anulación del crédito, pero con cargo al saldo declarado no disponible no podrán acordarse autorizaciones de gastos ni transferencias y su importe no podrá ser incorporado al Presupuesto del ejercicio siguiente.

3. Corresponderá la declaración de no disponibilidad de créditos, así como su reposición a disponible, al Pleno de la Entidad”.

Lembramos que esta Nota informativa modifica unha previa do 5 de setembro, que foi tomada como base de actuación e non requiría ningún acordo plenario.

Segundo esta Nota Informativa do Ministerio, procede bloquear os créditos que amparan esa paga extraordinaria (por exemplo mediante una retención de crédito), dentro do ámbito dos créditos iniciais, e posteriormente tramitar perante o Pleno o acordo de non dispoñibilidade, xa referido.

Neste Concello o mencionado bloqueo xa se produciu mediante documentos RC, polo importe das pagas extraordinarias de Nadal; pero agora en virtude desa Nota Informativa Ministerial, é preciso dar un paso máis, e declara-los créditos xa retidos non utilizables, nun acordo plenario de non dispoñibilidade.

Continúa a Nota, que se adxunta, mencionado outras cuestións relativas a posibles acordos que teñan como finalidade sortear a prohibición de satisfacer a paga do Nadal, motivo polo que esta Intervención vese na obriga profesional de poñer no seu coñecemento esta cuestión, a fin de que se decida o que se estime oportuno, e se valore a necesidade de eleva-lo asunto perante o Pleno da Corporación.

Suponse (sen que elo supoña informar xuridicamente este asunto) que a obrigatoriedade desta solicitude Ministerial de acordo plenaria deriva da Disposición Final Quinta do Real Decreto Lei 20/2012, que di:

Disposición Final quinta. Habilitación normativa y desarrollo reglamentario

“1. Se autoriza al Gobierno para que, en el ámbito de sus competencias, dicte las disposiciones reglamentarias necesarias para el desarrollo y aplicación de este real decreto-ley.

2. Asimismo, se autoriza a los respectivos Ministros para que, en el ámbito de sus competencias, dicte las disposiciones reglamentarias y medidas que sean precisas para el desarrollo y ejecución de lo establecido en este real decreto-ley.

3. Las Administraciones públicas competentes promoverán las disposiciones normativas que resulten necesarias para dar cumplimiento a lo dispuesto en este real decreto-ley”

SEGUNDO : Que se lle de traslado deste acordo a Subdelegación do Goberno da provincia para seu cumprimento do requirimento efectuado con data 10.12.12 rexistrado de entrada no Concello baixo o Núm. 8499”.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE** :